

**ACTA da REUNION EXTRAORDINARIA**  
**DA XERENCIA ATENCIÓN PRIMARIA DE VIGO**  
**E A COMISIÓN DE CENTROS DE ATENCION PRIMARIA**

ASISTENTES

**POLA DIRECCIÓN:**

D. CARLOS EIREA EIRAS  
D<sup>a</sup>. PILAR RIBEIRO MARTINEZ  
D<sup>a</sup>. PILAR PINTOS MARTINEZ  
D. FERNANDO ISIDRO LAGO DEIBE  
D<sup>a</sup>. PILAR SILVEIRA RODRIGUEZ  
D<sup>a</sup>. BELEN VAZQUEZ PACHECO  
D<sup>a</sup>. LOURDES PIÑEIRO TRONCOSO

**POLA COMISIÓN DE CENTROS:**

D. JOSE LUIS MARTINEZ FDEZ.-CSI-CSIF  
D. CARLOS VARELA VIGO-CSI-CSIF  
D. RAMON LLORENTE SANMARTIN-CIG  
D. MANUEL GONZALEZ MOREIRA-CIG  
D<sup>a</sup>. BEGOÑA PEITEADO GARRIDO-CIG  
D. ANGEL CAMESELLE CORBACHO-CC.OO  
D. MANUEL NIETO PEREIRA-CEMSATSE  
D<sup>a</sup>. LOURDES CARBAJO NUÑEZ-CEMSATSE  
D<sup>a</sup>. HERMINIA VAZQUEZ NIEVES-CEMSATSE  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> ELENA SANCHEZ RODRIGUEZ-USAE  
D<sup>a</sup>. ROSALINA ALONSO GONZALEZ-USAE  
D<sup>a</sup>. ALAZNE ACHALANDABASO CUBAS-UGT  
D. JORGE QUINTANA MIRÓN-UXT  
D. JOSE M. BREA FEIJOO-O'MEGA  
D<sup>a</sup>. PURIFICACION VILLAR DE TORO-SGPS

En Vigo, ás doce horas e corenta e cinco minutos do día vinteún de abril de dous mil oito, reúnense na sala de xuntas da Xerencia de Atención Primaria, para tratar os asuntos que figuran no seguinte:

-- ORDE DO DÍA --

1. UNIFICACIÓN SÁBADOS E PAC VIGO
2. PROTOCOLO VACACIÓNS

## **PUNTO PRIMEIRO.- UNIFICACION SÁBADOS E PAC VIGO**

O Xerente expón a situación actual provocada por intentar poñer en marcha os acordos da Mesa Sectorial e do Plan Mellora, e pregunta cal é a postura da Comisión de Centro.

- COMISION DE CENTRO: Tal é como se quedou na reunión do pasado día 7 de abril a Comisión de Centro vai a transmitir nesta reunión a súa postura ante a unificación de sábados e a unificación do PAC Vigo:

- UNIFICACION DOS SÁBADOS:

Si, aínda que en principio nun punto localizado máis no centro da cidade; tralas explicacións da Xerencia de porqué se unificaría no PAC de Coia, aceptase esa proposta.

- UNIFICACIÓN DO PAC VIGO:

En principio si, pero negociando o número de presenzas de médicos e enfermería, e pedindo información por escrito do resto das categorías.

Aínda que supoñen que é a intención da Xerencia, solicitan que non se dilate moito no tempo a unificación do PAC coa unificación dos sábados.

- XERENCIA: A intención da Xerencia e seguir traballando nos acordos asignados no plan de mellora e na mesa sectorial.

A Xerencia valora as diferentes opcións dentro de seu seo e fai un planeamento para comezar a traballar, non hai nada pechado, o que se pretende a manter comunicación cos axentes implicados que permita chegar a un consenso. Se se pode facer converxer a unificación dos sábados coa unificación do PAC sería mellor e de non ser así facelo de maneira que se produzan as menos molestias aos usuarios.

- CEMS: Despois das informacións aparecidas na prensa: ¿Servizos Centrais mandou parar a unificación do PAC? Porque si é así, non seguimos traballando en elo.
- CC.OO: As manifestacións do director Provincial e do Secretario Xeral do SERGAS, deixan en moi mal lugar ao Xerente, dan informacións falsas en lugar de rebater a postura do P.P., o que fixeron foi desautorizar ao Xerente.

Para poder avanzar temos que saber ata onde a Xerencia quere traballar coa Comisión de Centro, si é necesario posponse a reunión ata que a Xerencia teña clara a súa posición, xa que parece que está variando a súa postura do 7 de abril.

- XERENCIA: O proxecto do que se falou o 7 de abril foi un planeamento o mais pechado posible para poder traballar, despois do 7 de abril, o Xerente reuniuse coa federación veciñal e cos xefes de servizo / unidade / coordinadores onde se lles fixo o planeamento para que transmitisen a información e recadar opinións sobre o proxecto.

A xerencia non se desdía do proxecto pero estamos en proceso de creación e unha cuestión como a unificación dos sábados tivo politicamente manifestación que nos fan parar a pensar e volver a analizar a situación.

Convocarase de novo á Comisión de Centro para tratar o tema, de momento faremos un “inpass” no proxecto.

- CIG: As organizacións que asinaron o plan de mellora deben recordarlle ao Secretario Xeral do SERGAS que el asinou os acordos e polo tanto ten que cumprilos e non deixar de apoialos por presións políticas.
- COMISION DE CENTRO: Puntualizar que a Comisión de Centro manifesta o seu apoio á Xerencia na súa postura nestes dous puntos que se están tratando:
  - Unificación de sábados
  - Unificación do PAC

## **PUNTO SEGUNDO.- PROTOCOLO VACACIÓNS.**

Posponse para a próxima reunión

Remata a reunión as trece horas e trinta minutos do día sinalado, e a Xerencia empraza a unha nova reunión o luns día 28 de abril as 9 horas.